ORFEO
[*Orphée*, Jean Cocteau,
1950, Francia, 112', VOSE]

Dirección e guión **Jean Cocteau**
Montaxe **Jacqueline Sadoul**
Fotografía **Nicolas Hayer**
Son **Pierre-Louis Calvet**
Música **Georges Auric**
Dirección de arte **Alfred Marpaux**
Reparto **María Casares, Jean Marais, François Périer, Marie Déa**
Produtora **Andre Paulve Film, Films du Palais Royal**
Distribución **A Contracorriente**

Orfeo é un poeta obsesionado cunha enigmática princesa, que non é outra cá Morte. Por ela abandona a súa esposa, a bela Eurídice. Cando esta é asasinada polos sicarios da Morte, Orfeo decide seguila até o inframundo para tratar de rescatala.

Fascinante revisión do mito de Orfeo no París dos anos 50. Deslumbrante poema visual protagonizado por Jean Marais e pola galega María Casares, de quen se celebra neste mes o centenario do seu nacemento.

VINDEIRAS SESIÓNS NOVEMBRO 2022

MARTES 29
OUTSIDE NOISE
(Ted Fendt, 2021)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA

Sesións de Filmoteca #38
28.11.2022

ORFEO
JEAN COCTEAU

CINECLUBE PONTEVEDRA | FILMOTECA DE GALICIA
CENTENARIO MARÍA CASARES

O COMEDIANTE FRONTE Á CÁMARA POR MARÍA CASARES

Con *Les Dames du Bois de Boulogne* comezou a miña verdadeira experiencia cinematográfica. Buscaba a praza reservada ao actor nesta arte. Só tiña un punto de referencia: o teatro. No teatro (falo do grande) o único creador é o autor. É o seu texto quen manda. O actor é o intérprete, o que recrea nun esforzo de simpatía e de imaxinación o personaxe concibido polo autor. O director harmoniza os actores, coida o ritmo, ordena, dirixe coma a batuta dunha orquestra.

No cinema eu buscaba. Parecíame que o verdadeiro creador debía ser o realizador: novo escritor, pintor insólito cuxos instrumentos de traballo, para darlles vida aos seus soños e crear o seu Universo, xa non eran o papel, a tinta, as cores ou os pinceis, senón todo un *atrezzo* mecánico manobrado por un amplo equipo técnico. Mais quen era o intérprete? O actor? Mais que interpretaba? Non formaría, simplemente, parte dos instrumentos de traballo, como útil ou materia da que o realizador se serve?

Bresson confirmou tales ideas máis alá de todas as miñas esperanzas. Podería dicir que foi o director-tipo para ilustrar a miña pequena tese. No estudio é un tirano, con desexo de o substituír todo, esixindo ao milímetro mesmo a entoación. Unha bágoa debe caer así e non doutro xeito. Unha mirada debe dirixirse de forma precisa, e non sempre cómoda! Vino pasear diante de min durante vinte minutos entoando unha frase que eu debía pronunciar espontaneamente, buscando a entoación máis adecuada, co fin de impoñerma inmediatamente antes de rodar.

E velaquí, finalmente a Jean Cocteau propoñéndome interpretar a Morte en *Orphée*. Velaquí un escritor, home de teatro e realizador cinematográfico, propoñéndome unha personaxe de ficción á que lle debo dar vida. Falamos sen que el discuta nada. Pregunta, infórmase. Dá a impresión de que son os demais os que deciden cando, en realidade, ninguén é máis preciso ca el, ninguén sabe mellor o que quere. Só que sabe que se dirixe a seres vivos e os respecta e quere como quere o artista as súas criaturas. Unha vez que as escolle, válese do que elas son e non do que quixese que fosen. E o traballo do estudio convértese en algo apaixonante. Estaba extenuada cando rodaba este filme, tiña graves problemas, interpretaba a Morte e, non obstante, nunca vivín un papel no cine coma este.

Todo entón é posible? Non o sei. Non volvín facer cinema. Traballei incesantemente no teatro e, así que pasa o tempo, menos me tentan os estudios. Paréceme que é necesario entregarse totalmente ao cine ou absterse...

Publicado en *Nuestro cine*, núm. 42, 1965. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.

ORPHÉE POR JEAN-LUC GODARD

Era totalmente fatal que o poeta reencontrase o seu filón cinematográfico, a súa vea, o seu sangue, a súa Eurídice, en fin, filmando *Orphée*, logo de fuxir do inferno dos Poligny, Billon, Delannoy e demais funcionarios máis ou menos clementes co artista, ese inimigo mortal. *Orphée*, filme máxico en que cada imaxe, coma a laverca perante o espello, só remite a si mesma, isto é, a nós. *Orphée*, filme documental que demostrou dunha vez por todas que a poesía é un oficio de homes e, por conseguinte, un traballo mortalmente perigoso.

Onde os sabios utilizan o ciclotrón, Jean Cocteau, máis modesto, conténtase coa Debrie 300. Mais para comprender as súas procuras en materia de maxia, non debe esquecerse que o autor de *Rappel à l'ordre* entrou nos estudios *en fraude*, como di en off nunha curtametraxe, cando o semáforo estaba en vermello.

Concedéuselle pois, só a el, a facultade de sorprender a Ciencia no vinte e catroavo de segundo preciso en que Venus, saíndo do baño cinematográfico, se metamorfoseaba en Ficción. Grazas a el puidemos ver así a Orfeo escoitando Radio Londres, tomando unha cervexa no Flore ou perseguindo na estación do metro Monge a muller da súa vida. Ou máis ben da súa morte, sabémolo agora que o seu testamento, como Mabuse, nos permitiu descifrar este filme sorprendente en que Nicolas Hayer iluminaba os rostros con arcos de luz.

Poesía de contrabando, pois, e por iso máis preciosa, posto que certamente, dinos o alemán Novalis, se o mundo se converte en soño, o soño á vez convértese en mundo. A humildade e a gloria de Cocteau residen en non ter sabido nin querido separar xamais a lenda de Orfeo da súa propia, dito doutro xeito, o cine-verdade do cine-mentira. Se agora esa traxectoria fai rir os imbéciles é porque non a todo o mundo lle está dado seguir as pegadas de tal poeta.

Pola miña parte, lembrarei sempre unha noite de primavera en Cannes en que, entre os curiosos, vin a Jean Cocteau levando ao palacio do Festival un pillabán que non pasara do primeiro dos seus catrocentos golpes. Guiábao a través das luces e apuntáballe todo: «Non vaias moi de présa, non baixes a mirada, mantente erguido...». En resumo, ante os meus ollos asombrados de afeccionado estaba o vello anxo Heurtebise, sempre no corazón da liorta, protexendo a pantasma moza de Vigo baixo a súa grande á de académico. En resumo de novo, en todos os seus filmes e en *Orphée* en particular, Cocteau demóstranos incansable que para saber facer cinema cómpre reencontrármonos con Méliès e que para iso non poucos anos Lumière son aínda precisos.

Publicado en *Jean-Luc Godard por Jean-Luc Godard*. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.